CA4.6.6. - Determinar as diferenzas entre os dous tipos de reflexos e os actos voluntarios.	Distinguir entre os dous tipos de reflexos e os actos voluntarios.		
CA4.6.7. - Relacionar diferentes estímulos cos seus receptores e o órgano dos sentidos correspondente.	Diferenciar entre estímulos, receptores e sentidos.		
CA4.7.1. - Explicar a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Describir a relación entre o sistema nervioso e o endócrino.		
CA4.7.2. - Detallar procesos cotiás no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.	Propoñer exemplos da relación entre o sistema nervioso e o endócrino.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Identificar as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre doenzas que afectan aos aparatos ou sistemas relacionado coa función de relación seleccionando e organizando correctamente a información de diversas fontes.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Traballar de forma cooperativa nun proxecto sobre doenzas relacionadas coa función de relación atendendo aos diferentes aspectos que este tipo de aprendizaxe conleva.	TI	15
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Razona a solución a un problema sobre o proceso de relación		
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.		Baleiro	0
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación. - Sistema nervioso: organización, anatomía e fisioloxía. - Órganos dos sentidos: estrutura e función dos sentidos do tacto, gusto e olfacto. - Órganos dos sentidos: anatomía e fisioloxía do oído e dos ollos. - Sistema endócrino: glándulas endócrinas, hormonas e regulación. - Visión integradora dos sistemas nervioso e endócrino. - Sistema músculoesquelético: anatomía e funcións. - Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución. - Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
6	A función de reprodución	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Explicar a reprodución utilizando datos e información achegados.	PE	73
CA4.8.1. - Identificar en diferentes formatos os compoñentes dos aparatos reprodutores masculino e feminino.	Asociar utilizando diversos formatos diferentes compoñentes do corpo humano aos aparatos reprodutores masculino e feminino.		
CA4.8.2. - Especificar a función que realizan os compoñentes dos aparatos reprodutores masculino e feminino.	Coñecer a función que realizan os principais órganos dos aparatos reprodutores masculino e feminino.		
CA4.8.3. - Establecer as similitudes e diferenzas entre os cambios que se producen na adolescencia dependendo do sexo.	Identificar os cambios que se producen na adolescencia.		
CA4.8.4. - Relacionar o ciclo menstrual coa actividade endócrina asociada.	Describir o ciclo menstrual		
CA4.8.5. - Relacionar os diferentes métodos anticonceptivos coa anatomía e fisioloxía do aparato reprodutor, co ciclo menstrual e co proceso de fecundación.	Comprender o mecanismo de actuación dos diferentes métodos anticonceptivos.		
CA4.8.6. - Describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.	Identificar os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.9.1. - Coñecer as consecuencias persoais e sociais das principais ITS.	Valorar as consecuencias persoais e sociais das principais ITS.		
CA4.9.2. - Explicar o mecanismo de algúns métodos anticonceptivos para a prevención das ITSs.	Recoñecer a importancia de algúns métodos anticonceptivos para a prevención das ITSs.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre doenzas que afectan ao aparato reprodutor seleccionando e organizando correctamente a información de diversas fontes.	TI	27
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Traballar de forma cooperativa nun proxecto sobre doenzas do aparato reprodutor, atendendo aos diferentes aspectos que este tipo de aprendizaxe conleva.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Razona a solución a un problema sobre o proceso de reprodución		
CA4.9.3. - Diferenciar entre sexo e xénero, entre sexualidade e reprodución.	Utilizar correctamente os termos de sexo e xénero.		
CA4.9.4. - Contemplan a súa propia sexualidade e a das persoas da contorna como un elemento de identificación persoal esencial e respectable.	Defender o dereito de toda persoa a manifestar a súa identidade sexual.		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Cuestionar información sobre sexo e sexualidade procedente de foros non científicos.		
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Considerar o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres respectando a diversidade sexual.		
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.		Baleiro	0
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.

Contidos

- Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores.
- Análise e visión xeral da función de relación.
- Sistema endócrino: glándulas endócrinas, hormonas e regulación.
- Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino.
- Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor.
- Aparato reprodutor masculino: anatomía e fisioloxía.
- Aparato reprodutor feminino: anatomía e fisioloxía.
- Cambios físicos e psíquicos na adolescencia.
- Ciclo sexual feminino ou ciclo menstrual.
- Reprodución e sexualidade.
- Fecundación, embarazo e parto.
- Métodos anticonceptivos
- Reposta sexual humana. Sexo e sexualidade.
- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.
- Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico:
- Infeccións de transmisión sexual (ITS).
- Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado.
- As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais.

UD	Título da UD	Duración
7	Os riscos xeolóxicos internos	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Interpretar a información de terremotos e volcáns en diferentes formatos.	PE	75
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre terremotos e volcáns seleccionando e organizando correctamente a información de diversas fontes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Describir as variables que inflúen no cálculo dos riscos sísmicos e volcánicos.	Definir os termos asociados á evaluar os riscos sísmicos e volcánicos.		
CA2.1.2. - Identificar os riscos asociados a seísmos e erupcións volcánicas.	Enumerar os riscos asociados a seísmos e erupcións volcánicas.		
CA2.3.1. - Comprender a dinámica dos bordos de placa.	Identificar en diferentes formatos os tipos de límites de placas e as súas consecuencias.		
CA2.3.2. - Comprender a dinámica no interior das placas.	Discrimina a dinámica no interior das placas fronte á dos seus límites.		
CA2.3.3. - Localizar en casos presentados en diferentes formatos zonas de alta actividade sísmica e volcánica e explicar a súa relación coa tectónica de placas.	Localizar en casos presentados en diferentes formatos zonas de alta actividade sísmica e volcánica e xustifica a súa existencia.		
CA2.2.1. - Contrastar casos reais nos que as medidas de prevención de riscos naturais foron observadas e non.	Describir consecuencias concretas de non atender as medidas de prevención de riscos naturais	TI	25
CA2.4.1. - Relacionar a vulnerabilidade dunha zona fronte a actividade sísmica ou volcánica coa economía da zona afectada.	Comparar os efectos de terremotos e erupcións volcánicas de escalas similares acontecidas en diferentes lugares da Terra.		
CA2.4.2. - Valorar os avances científicos na prevención dos riscos sísmicos e volcánicos.	Identificar os avances científicos na prevención de riscos sísmicos e volcánicos.		
CA2.4.3. - Contemplan a globalización dos sistemas de predición de terremotos e volcans como un esforzo cooperativo entre nacións.	Utilizar ferramentas dixitais para coñecer en tempo real os riscos sísmicos e volcánicos e opinar sobre a súa utilidade.		
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia.	Baleiro	0
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.			
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.			
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.			
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Riscos naturais:

Contidos

- Definición e clasificación.
- Definición de risco.
- Variables que inflúen no cálculo dun risco.
- Análise e planificación.
- Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas:
- Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra.
- Introducción á Tectónica de placas: a litosfera, tipos de bordos das placas e a dinámica das placas tectónicas.
- Tipos de erupcións volcánicas.
- Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.
- Riscos asociados aos volcáns e aos terremotos.
- Escalas de magnitude de seismos e explosividade volcánica.
- Predición e prevención de seismos e erupcións volcánicas.
- Perigosidade sísmica en Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaránse os elementos transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos deben ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos cando os precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e das presentacións será utilizado como apoio constante ás explicacións e para a elaboración das conclusións dos proxectos que vai desenvolver o alumnado.

TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- Introdución á unidade didáctica. Cada Unidade Didáctica será precedida dunha introdución na que se delimitará o estudo a realizar, tentando motivar ao alumno, a partir da presentación de problemas reais próximos e sinxelos, recollendo as ideas previas dos alumnos e estimulándoos na súa resolución, adquirindo logo novos coñecementos.
- Explicacións e instrucións dos contidos e desenvolvemento da unidade utilizando as TICs.
- Ensino guiado no que se traballarán os contidos da materia mediante: resolución de problemas, elaboración de esquemas, resumos, etc.
- Elaboración de exercicios durante e ao final de cada Tema, tanto individualmente como en equipos cooperativos.
- Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura de artigos e capítulos de libros e a posterior análise dos mesmos. Ademais do uso frecuente da estrutura lectura compartida no traballo cooperativo.

Así mesmo, contribuirase ao Plan Dixital coa proxección de vídeos, traballos persoais do alumnado cos seus ordenadores Abalar que empregarán programas con diferentes utilidades, clases expositivas empregando presentacións dixitais e actividades interactivas.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos na Concreción curricular do Centro como o Proxecto Lingüístico de Centro (xa que unha das materias impartidas en galego), o Plan de Convivencia (coa dimensión do traballo cooperativo de ensinar a cooperar) e no Plan de Acción Titorial (xa que os dous profesores que imparten a materia son titores este ano).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos elaborados polos profesores do Departamento encargados desta docencia facilitados por vía Edixgal
Caderno do alumno/a onde se recollan as informacións proporcionadas polo profesor, así como parte das actividades levadas a cabo individualmente
Actividades variadas individuais e en equipo; actividades de reforzo e de ampliación
Ordenadores Abalar para todos os alumnos
Dotación da aula: encerado dixital, encerado tradicional, pupitres, ordenador do profesor, canón de vídeo
Laboratorio: instrumentación, reactivos e outros materiais habituais
Material manipulable e experimental propio da materia: esqueleto e torso clásicos e outras reproducións anatómicas; globo terráqueo, coleccións de rochas e minerais
Recursos variados documentais, vídeos, presentacións de diapositivas, páxinas específicas de internet
Artigos de revistas especializadas, recortes de prensa, libros especializados (ou fragmentos dos mesmos)
Libros de texto como material de consulta en formato papel procedentes do Departamento ou da biblioteca do Centro

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado tradicional e, nalgúns casos, tamén dixital. A aula conta cun ordenador para o profesor facilitado polo centro e canón de vídeo. Os alumnos traballarán nos seus ordenadores Abalar, proporcionados polo centro, así como nos seus cadernos individuais.

Na clase o alumnado dispón de pupitres individuais que permiten os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en equipo.

O espazo empregado para as clases prácticas será ou ben o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar ou ben a propia aula onde se trasladarán materiais do laboratorio manipulables como as reproducións anatómicas ou as coleccións de minerais e rochas.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán os apuntamentos elaborados polo profesor dos que disporán na plataforma Edixgal e, de ser o caso, na fotocopiadora do centro; as fotocopias facilitadas polo profesor de materiais para a realización de actividades en equipo cooperativo ou individual das que disporán tamén en Edixgal; o caderno do alumno, recurso indispensable que poderá ser solicitado para a súa avaliación ao longo de todo o curso; e, de ser o caso, o material necesario para a avaliación do traballo cooperativo (rúbricas, actas, autoavaliación e coavaliación).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lévase a cabo dentro das dúas primeiras semanas do curso a través dunha proba escrita. Consta de varios apartados onde avaliaranse algúns dos contidos básicos desenvolvidos en anos anteriores para coñecer se os alumnos os posúen pero, principalmente, a súa competencia en comunicación lingüística e en STEM. Isto avaliarase a través de textos e gráficos que deberán interpretar, analizar, elaborar e relacionar.

Os resultados obtidos permiten establecer unha primeira aproximación para determinar obxectivamente o nivel dos alumnos tanto individualmente como do grupo de clase, así poderase adecuar o desenvolvemento da materia á realidade e ás posibilidades do alumnado. Servirán de base para posteriormente ir desenvolvendo nesta materia aquelas competencias necesarias para acadar os obxectivos desta etapa. Tamén resulta moi útil como base para establecer os equipos para a aprendizaxe cooperativa, para a detección de alumnos con maiores necesidades educativas e de aqueles con capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta de avaliación de cada un dos grupos. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	12	12	20	15	15	11	100
Proba escrita	90	67	35	85	85	73	75	75
Táboa de indicadores	10	33	65	15	15	27	25	25

Criterios de cualificación:

A cualificación que cada alumno ou alumna obterá en cada sesión de avaliación será o resultado de ter en conta os seguintes aspectos:

1. Probas escritas de contidos específicos asociados aos criterios de avaliación: suporán unha porcentaxe mínima dun 50% e máxima dun 70% da nota total. Se ao longo da avaliación se realizara máis dunha proba, a nota deste apartado será a media aritmética das realizadas, sempre que a nota de cada unha delas supere o 3,5. Estas probas escritas poderán realizarse con e sen apuntamentos, en papel ou vía dixital.

2. A porcentaxe restante da cualificación por avaliación incluirá: as probas escritas asociadas á realización de actividades tanto na aula como na casa, individualmente ou en cooperativo, en papel ou vía dixital; e todas aquelas que se recollen nos criterios de avaliación avaliadas mediante táboas de indicadores. Inclúen por tanto a participación na clase tanto respondendo como facendo preguntas de interese; a realización de informes de investigación nos que puntuaranse tanto informes escritos como aqueles presentados en formato dixital realizados individualmente como en equipo; o caderno de aula. A ponderación mínima deste apartado será dun 15%. As cualificacións obtidas no desenvolvemento das habilidades sociais que implica o traballo cooperativo representará un mínimo dun 10% da nota global da avaliación. Observarase especialmente asumir os compromisos e responsabilidades fronte ao resto do equipo, tanto nas tarefas encomendadas polo equipo como nos obxectivos persoais fixados para mellorar a actitude que favoreza o desenvolvemento das tarefas (respecto aos demais, escoita activa, aceptación doutras opinións, contribución persoal as tarefas, proporcionar axuda, ser quen de recibila, entre outras).

O alumnado está informado de que de non asistir a unha proba, prevista e anunciada previamente, terá que ser debidamente xustificada e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debida forma. Por norma xeral, non se repetirán probas parciais ao alumnado que non as realice na data da súa convocatoria xunto co resto do grupo senón que se pasará a realizar unha proba final.

No caso de que un alumno cometera una infracción voluntaria ou accidental que levara ao incumprimento das normas de realización dunha proba escrita do punto 1, no Departamento considérase que o feito impide a valoración da mesma. O profesorado encargado da docencia da materia escollerá a forma de avaliar ao alumno infractor podendo escollerse que a proba sexa oral ou escrita coa fin de avaliar o coñecemento da mesma. Tamén decidirá, dependendo das circunstancias, se debe informar para a toma das medidas disciplinarias oportunas.

A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, non o valor que figure nos boletíns.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita de recuperación na seguinte avaliación. Dita proba corresponderase cos contidos desenvolvidos durante a avaliación e avaliarase tendo en conta os mínimos de consecución dos criterios de avaliación establecidos nesta programación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Se un alumno non acadase o aprobado da materia tras as recuperacións da 1ª e/ou 2ª avaliación, terá unha terceira oportunidade para conseguilo. Para elo, na última quincena do curso poderá realizar unha proba escrita cos contidos non recuperados. Esta proba consistirá nun cuestionario que se realizará por escrito onde se resolverán diversas cuestións e supostos (entre 5 e 20). Nas cuestións aparecerán de forma equitativa, unha representación dos criterios de avaliación establecidos nesta Programación e a nota establecerase tendo en conta o grado mínimo de consecución destes criterios. De ser este o caso, a cualificación final da materia calcularase facendo a media aritmética de cada unha das avaliacións pero substituíndo a nota das avaliacións suspensas pola nota acadada nesta proba escrita cunha ponderación do 60%; un 10% corresponderá á actividades de recuperación e reforzo propostas para a preparación desta proba escrita; e o 30% restante á media aritmética das actividades realizadas durante o curso. A materia considerárase superada cando a nota acadada tras a ponderación sexa igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que no grupo haxa un alumno/a coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO pendente, realizarase un seguimento individualizado do mesmo/a a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Tanto para os alumnos/as que se atopen na situación anterior, como no caso de os alumnos/as que se estén cursando

4º da ESO coa materia de 3º suspensa, tomaranse as medidas acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, reflectidas no programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes. Este plan consiste en repartir a materia de 3º da ESO en tres partes. En cada parte realizarase:

* Un caderno con actividades. Este caderno entregárase antes da realización da proba de recuperación para ser correxido e evaluado polo departamento.

* Unha proba de recuperación que versará sobre os temas traballados no caderno.

No mes de xuño poderanse recuperar aquelas partes que non se superasen ao longo do curso. O departamento entregará novas tarefas de reforzo e a proba versará sobre aquelas partes non superadas.

6. Medidas de atención á diversidade

Para localizar aos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo desde o inicio de curso consideramos imprescindible a reunión de preavaliación onde tanto os titores como o Departamento de Orientación infórmanos dos casos máis relevantes que xeralmente xa se detectan na preavaliación que se fai en cada materia. Acórdase nesta reunión as principais liñas a seguir para atender mellor a estes alumnos.

Tanto para seguir a súa evolución como detectar outros casos, é unha práctica habitual informar e consultar cos titores dos diferentes grupos sobre calquera incidencia observada nas aulas que repercute tanto no desenvolvemento académico como no emocional dun alumno.

Entre as medidas ordinarias está a adecuación da programación didáctica ás características do alumnado, o emprego de variados instrumentos de avaliación, a dispoñibilidade do profesorado da materia fóra das horas nas que se imparte para explicar contidos e procedementos a un alumno en concreto, así como para atender a outro tipo de necesidades. O emprego habitual da metodoloxía de traballo cooperativo que facilita a inclusión, xa que os equipos establecidos polo profesor serán heteroxéneos respecto ás capacidades, permite unha maior e mellor atención aos intereses, necesidades, ritmos, capacidades e motivacións de todos e cada un dos alumnos. Ademais de contribuír a aceptar a diversidade, favorecer a participación e integración de todo o alumnado, permitir axustar diferentes ritmos, capacidades e estratexias de aprendizaxe, nunha coexistencia que redunde en beneficio para todos e fomentar os comportamentos de axuda mutua e de respecto polo traballo alleo.

De ser necesario, adaptaranse as probas escritas ás características específicas de cada alumno. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas na súa estrutura ás realizadas durante a avaliación o que implica un adestramento previo entre iguais.

Por outra banda, as actividades serán deseñadas de forma o alumnado cun maior ritmo de aprendizaxe estea motivado. Neste caso o ABP permite que cada alumno vaia máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital		X	X	X	X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X				
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X	X	X	X	

Observacións:

Os elementos transversais 1 e 2 traballaranse especialmente en cada unha das unidades didácticas coa utilización de textos específicos que deberán ser lidos, interpretados e analizados. A resolución de cuestións asociadas a estes textos, que incluírán algunhas de resposta libre, polo que a súa corrección no equipo ou no grupo clase permitirá traballar tanto a expresión oral nos debates que xurdirán, como a escrita na entrega das respostas.

O emprego de vídeos e películas para facilitar a comprensión dos contidos, así como a posibilidade de realizalos para comunicar os resultados das tarefas permite abordar de forma concreta os elementos transversais 3 e 9 nesta materia. A utilización de estratexias DUA na resolución e presentación de conclusións das diferentes tarefas que se realizarán ao longo do curso fomentará a creatividade.

A competencia dixital está incluída na resolución das tarefas encomendadas ao longo do curso; a dispoñibilidade que ten cada alumno dun ordenador Edixgal e que toda a actividade da materia publíquese nesta plataforma obriga a afondar neste elemento.

As actitudes necesarias para desenvolver o emprendemento social e empresarial ademais de ser inherentes ao traballo en cooperativo, exercítnse expresamente na realización das tarefas incluídas nas unidades didácticas 2 e 3.

Finalmente a utilización da metodoloxía de aprendizaxe cooperativo en todas as unidades didácticas co seu dobre enfoque "cooperar para aprender /aprender a cooperar" permitirá sen dúbida dedicar gran parte da materia aos elementos transversais restantes.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla de Nutrición e Saúde	Charla para a prevención de trastornos alimentarios.			
Charla sobre sexualidade, anticoncepción e ETS	Charla na que se fala destes temas e respóndense as dúbidas dos alumnos.			
Taller RCP	Taller de Reanimación Cardiopulmonar no que os alumnos aprender a actuar en diferentes situacións de emerxencia.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Consegue a participación activa do alumnado

Atendeuse adecuadamente ás necesidades do alumnado NEAE no transcurso das clases
Os alumnos informan sobre as dificultades encontradas
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación en cada unidade didáctica
Deuse un peso real na avaliación á observación directa
Valorouse adecuadamente a cada alumno no traballo cooperativo
Ofréceselle a cada alumno explicacións individualizadas se as precisa
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades e na elaboración de probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en cada unidade didáctica
Combínase o traballo individual co de equipo
Analízase co alumnado os resultados obtidos e explíctase a forma de melloralos
Incorporouse a autoavaliación e a coavaliación
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Adecuación á secuenciación das unidades didácticas
Engadiuse algún contido non previsto á programación
Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista
O tempo dedicado a cada unidade didáctica foi suficiente
Considéranse adecuados os graos mínimos de consecución dos estándares
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Para levar dito seguimento os profesores que imparten a materia utilizarán a hora establecida no seu horario semanal para a reunión do Departamento para contrastar o desenvolvemento efectivo das sesións. Nela ademais revisaranse en cada avaliación os resultados obtidos e, se o número de aprobados é inferior a un 85% analizaranse as causas. Estas poden ser intrínsecas do grupo (facilmente detectables porque producíranse tamén noutras materias) ou por desaxuste entre o impartido e o esixido ao alumnado ou ben por causas persoais de alumnos concretos. Unha vez analizadas buscaranse solucións ben para a seguinte avaliación ou para o próximo curso. A criterio do profesor, os alumnos avaliarán o proceso de ensinanza e aprendizaxe mediante unha rúbrica que conterá diversos aspectos relacionados: co interese da parte da materia traballada na avaliación; coa competencia do profesor respecto a súa capacidade para motivar ao alumnado, explicación dos contidos, o ritmo, o trato persoal, as

actividades escollidas, a súa contribución a un clima distendido na aula; coa adecuación dos instrumentos de avaliación utilizados, á temporalización ou ao axuste aos coñecementos previos, entre outros. Tamén poderá ser avaliada a súa propia actitude respecto ao traballo persoal, ao traballo en equipo e á súa implicación nos diferentes procedementos empregados. Con todo elo poderanse propoñer melloras máis reais e adecuadas para ese grupo de alumnado concreto.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36007011	IES Pino Manso	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa ou cooperativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial configurarase neste nivel como un traballo monográfico e as actividades que se propoñen reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto Competencial 3º ESO - Parte I	A primeira parte englobará o proceso de identificación do que se precisa saber para a realización do proxecto; a procura de información axeitada; a planificación do proxecto (materiais/recursos, bocexo, temporalización e distribución das tarefas)	40	12	X	X	
2	Proxecto competencial 3º ESO - Parte II	A segunda parte incluirá: a execución e comunicación do proxecto planificado na parte I; a súa aplicación noutros ámbitos máis globais ou colectivos; o proceso metacognitivo de análise do proceso mediante co e autoavaliación.	60	23		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto Competencial 3º ESO - Parte I	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da temática xeneral e a implicación que ten traballar dunha forma local/ individual para conseguir resultados globais/colectivos.	PE	56
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Recoñece e localiza a información que precisa; organiza citando as fontes para respectar a autoría; e discrimina a información procedente de fontes fidedignas das non fiables.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Na realización do proxecto amósase claramente que os coñecementos adquiridos foron utilizados; e que, na súa elaboración, púxose interese para lograr unha boa calidade.		
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Establece os materiais necesarios para a realización do proxecto e propón alternativas no caso de atopar dificultades para poder conseguilos.	TI	44
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Ordena os pasos nos que vai a ser realizado o proxecto e estima os tempos nos que se vai a efectuar cada un deles sendo quen de argumentar a secuencia e temporalización proposta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Anticipa algúns dos problemas que podan xurdir durante a realización do proxecto.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Desenvolve a maioría dos pasos da tarefa en prazo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
2	Proxecto competencial 3º ESO - Parte II	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Na realización do proxecto e das aplicacións amósase claramente que os coñecementos adquiridos foron utilizados; e que, nas súas elaboracións, púxose interese para lograr unha boa calidade.	PE	30
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Xulga o proxecto realizado de forma reflexiva, sendo quen tanto de detectar os erros que presente e corríxilos nas seguintes tarefas de aplicación como de recoñecer os acertos e incluílos nas mesmas.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Anticipa algúns dos problemas que podan xurdir durante a aplicación do proxecto en ámbitos máis globais ou colectivos.	TI	70
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Desenvolve os pasos da tarefa de aplicación en prazo.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Utiliza correctamente os recursos e materiais na execución das tarefas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Identifica as incidencias que aparecen durante a realización do proxecto e informa delas.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o produto final de forma correcta e en prazo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Apoiase nunha correcta linguaxe verbal para expor as súas ideas.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Tenta adoptar unha linguaxe corporal correcta durante as exposicións.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Na exposición do proxecto tenta controlar as súas emocións e non responde de forma impulsiva aos estímulos.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Apóiase nalgún recurso na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Partiremos da realidade máis próxima ao alumnado coa intención de implicarlle nos distintos proxectos do curso. Fomentárase o traballo en grupos heteroxéneos e mixtos no que se realizarán proxectos que podan ter certa repercusión no instituto. As tarefas desenvolveranse tanto na aula como no ximnasio, patio, laboratorio e a biblioteca do instituto.

Entre as estratexias metodolóxicas usaranse:

- Rutinas de traballo cooperativo (1-2-4, lecturas compartidas...) e/ou de prácticas restaurativas. No primeiro caso utilizaranse equipos heteroxéneos e de expertos, no segundo abordarase con todo o alumnado da clase. (Análise do problema, planificación do proxecto e execución).
- Exposicións orais individuais e por equipos. (Execución do proxecto)
- Traballo coas TICS (procura e reelaboración de información, creación de cartaces, material audiovisual, xogos...)
- Rúbricas de avaliación, coavaliación e/ou autoavaliación para guiar ao alumnado no seu traballo.
- Debates a partir dun audiovisual, unha noticia, un texto informativo... en equipo ou gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Espazos: Aula do grupo, ximnasio, patio, laboratorio de ciencias e biblioteca escolar
Documentación elaborada polo profesorado facilitada mediante fotocopias e/ou dispoñible en Edixgal
Netbooks do alumnado con acceso á aula virtual Edixgal

Móbiles do alumnado cando se precisen
Material manipulativo para manualidades, círculos e xogos
Visor mapa topográfico
Mapa topográfico en papel
Recursos dixitais: Iberpix, Google Earth, Sixpac, películas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras sesións realizaranse actividades de cohesión para que o alumnado se presente, coñeza aos seus compañeiros e compañeiros, amose algunhas das súas fortalezas e debilidades cara ao traballo en equipo, os seus gustos e o coñecemento sobre o tema a tratar. Durante elas o alumnado será avaliado mediante observación directa. Estas actividades poden incluír intervencións orais e escritas que tamén poderán ser avaliadas mediante listas de cotexo ou escalas de observación.

Os resultados obtidos permitirán establecer unha primeira aproximación para determinar obxectivamente o nivel dos alumnos tanto individualmente como do grupo de clase, así poderase adecuar nun primeiro momento o desenvolvemento da materia á realidade e ás posibilidades do alumnado, para posteriormente ir desenvolvendo aquelas competencias necesarias para acadar os obxectivos desta etapa. Tamén resulta moi útil como base para establecer os equipos para a aprendizaxe cooperativa e para detección das necesidades educativas dos alumnos.

A información facilitada polo titor do grupo e as reunións de profesorado convocadas polo equipo de Orientación realizadas durante o mes de outubro para cada grupo, tamén aportarán información sobre a traxectoria e as necesidades de cada alumno e alumna. Así mesmo consensúanse directrices de ensinanza e metodoloxías axeitadas a cada un deles.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	40	60	100
Proba escrita	56	30	40
Táboa de indicadores	44	70	60

Criterios de cualificación:

Para as avaliacións parciais:

Consideraranse todas as producións- orais e escritas- do alumnado, tanto no seu labor individual como en equipo ou gran grupo. Tamén realizaranse actividades de coavaliación e autoavaliación.

Probas escritas (esquemas para organizar o traballo, procura de información no caderno, realización de pósters dixitais, guións, entrevistas, artigos, presentacións, materiais manipulativos, maquetas...) e orais (gravacións audiovisuais...): 40%

Traballo diario na clase (participación, actividades, xogos): 45%

Actitude cara á realización e consecución dos obxectivos no proxecto (a nivel individual e de equipo): 15%

Para a avaliación final:

A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, non o valor que figura nos boletíns. A cualificación mínima para considerar aprobada a materia é de 5.

O redondeo da nota farase atendendo a nota acadada polo alumno no traballo diario na clase respecto ao acadado por todos os seus compañeiros (por exemplo coa mediana).

No caso de que un alumno cometera una infracción voluntaria ou accidental que levara ao incumprimento das normas de realización dunha proba escrita, no Departamento considérase que o feito impide a valoración da mesma. O profesor do Departamento encargado da docencia da materia escollerá a forma de avaliar ao alumno infractor podendo escoller que a proba sexa oral ou escrita co fin de valorar o coñecemento da mesma, así como o prazo no que realizárase. Tamén decidirá, dependendo das circunstancias, se debe informar para a toma das medidas disciplinarias oportunas. En todo caso respectarase o dereito do alumno a unha avaliación obxectiva segundo a lexislación vixente.

O alumnado está informado de que de non asistir a unha proba, prevista e anunciada previamente, terá que ser debidamente xustificada e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debida forma. Por norma xeral, non se repetirán probas parciais ao alumnado que non as realice na data da súa convocatoria xunto co resto do grupo, senón que este alumno realizará unha proba final na que se incluírán estes contidos non avaliados parcialmente.

Criterios de recuperación:

Se unha avaliación está suspensa, considerarase recuperada unha vez que se produza a entrega do traballo requirido. En caso de que o proxecto de trimestre xa estivera rematado, encargarase ao alumnado coa materia suspensa un traballo individual relacionado co mesmo. En ambos casos o prazo para a entrega destes traballos será acordado entre o profesor e o alumno, pero sempre será anterior ao remate da seguinte avaliación.

Se coa media aritmética das tres avaliacións parciais o alumno non acadada o 5, pode tentar superar a materia na última quincena do curso realizando un proxecto sobre un tema acordado co profesor. Este proxecto será avaliado mediante a súa exposición oral e a realización dunha proba escrita. Utilizarase unha rúbrica para avaliar o contido e pertinencia da exposición oral así como a calidade do apoio visual empregado (35%); unha lista de cotexo coa que avalíase a defensa e coñecemento do proxecto fronte as preguntas dos compañeiros e do profesor, así como a cita das fontes (15%); a proba escrita constará entre 3 e 5 cuestións sobre o proxecto (50%).

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnos nesta situación.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da base de que cada alumno e alumna posúe unha serie de peculiaridades que o diferencia do resto dos seus compañeiros, xa que logo non todos eles van aprender ao mesmo ritmo, ou van ter as mesmas capacidades e intereses. A educación debe permitir e facilitar desenvolvementos educativos distintos, que se correspondan con eses intereses e aptitudes. Polo tanto, a educación organizarase atendendo á diversidade do alumnado.

No caso concreto da materia impartida polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía no IES Pino Manso, mantense unha relación moi activa e coordinada co Departamento de Orientación co fin de atender a todos os alumnos con dificultades. Do mesmo xeito, é unha práctica habitual informar e consultar cos titores dos diferentes curso sobre calquera incidencia observada nas aulas que repercute tanto no desenvolvemento académico como no emocional dun alumno.

Entre as medidas ordinarias que se desenvolven para a atención deste alumnado, o profesorado do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía está moi pendente de adecuar a programación didáctica ás características do alumnado, de empregar variados instrumentos de avaliación e de ter dispoñibilidade horaria fóra das horas de clase para atender ao alumnado.

Nesta materia en concreto, atópase algún alumno NEAE e outros con dificultades co galego por ser de incorporación

recente no noso sistema educativo. A aprendizaxe cooperativa e a autorregulación da aprendizaxe baseada en proxectos considéranse moi adecuadas para superar calquera dificultade que atope o alumnado. Así mesmo, no caso de ser necesario, se lle facilitará ao alumnado actividades individualizadas e/ou reforzo educativo.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral y escrita	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en equipo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Por determinar	Participarase en probables actividades complementarias que xurdan o longo do curso	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Incorporouse a autoavaliación e a coavaliación
Analízase co alumnado os resultados obtidos e explicitase a forma de melloralos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os alumnos desenvolvéronse adecuadamente en Edixgal
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Os alumnos informan sobre as dificultades encontradas
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose un contacto adecuado cos titores de cada grupo

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación do alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Para levar dito seguimento os profesores que imparten a materia utilizarán a hora establecida no seu horario semanal para a reunión do Departamento para contrastar o desenvolvemento efectivo das sesións. Nela ademais revisaranse en cada avaliación os resultados obtidos e, se o número de aprobados é inferior a un 85% analizaranse as causas. Estas poden ser intrínsecas do grupo (facilmente detectables porque produciranse tamén noutras materias) ou por desaxuste entre o impartido e o esixido ao alumnado ou ben por causas persoais de alumnos concretos. Unha vez analizadas buscaranse solucións ben para a seguinte avaliación ou para o próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36007011	IES Pino Manso	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía e Xeoloxía do 4º curso da ESO, ten como referencia o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia; e a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

O alumnado deste curso atópase na fase de operacións formais que representa a etapa final do desenvolvemento cognitivo e a maioría están capacitados para realizar un razoamento lóxico e conceptual sempre que o proceso de ensino e aprendizaxe se axuste as súas necesidades. Desde este punto de vista ao finalizar a etapa cómpre ser necesaria a alfabetización científica entendida cunha familiarización coas grandes teorías científicas que lle permite comprender a vida, analizar o mundo que lle rodea e vive, e tomar partido fronte aos retos éticos que implican as novas tecnoloxías ligadas á Enxeñería Xenética e Biotecnoloxía, co maior coñecemento científico posible.

Baseándonos no anterior, para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que, se tivéssemos que resumir, diríamos que trata das grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual da Bioloxía. Empezamos coa Teoría Celular que da pé a continuar coa Teoría Cromosómica da Herdanza; se falamos de herdanza é inevitable abordar a Teoría da Evolución que entronca directamente coas adaptacións dos seres vivos a un ambiente que cambia que abórdase no bloque 6 de Ecosistemas: interaccións e cambios. Neste marco reflexivo os alumnos sentirán que todo cambia, nada é inmutable incluso o planeta sobre o que apoian os seus pés, a Teoría Tectónica de placas serviralles para entender o por que e algún como. Comprender e valorar todos estes contidos é relevante en 4ºESO dado o seu carácter finalizador, pois despois o alumnado ten a opción de escoller entre seguir estudando, ben na Formación Profesional de grao medio ben no Bacharelato, ou incorporarse á vida laboral.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Pino Manso, sito en O Porriño (Pontevedra). O concello de O Porriño conta cunha poboación de 20 408 habitantes (2022). É un concello que forma parte da comarca de Vigo e está integrado na Área Metropolitana de Vigo. Ten un carácter eminentemente industrial e é un nó loxístico importante, pola súa excelente ubicación xeográfica no sur da provincia de Pontevedra.

As ensinanzas que se ofertan no IES Pino Manso son: 1º, 2º, 3º e 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria, 1º e 2º curso de Bacharelato, 1º e 2º curso de Formación Profesional Básica.

Dous grupos teñen a materia obxecto desta programación, o primeiro ten alumnos das liñas 4º ESO A (6 alumnos) e 4º ESO C (6 alumnos); o segundo de 4º ESO B está composto por 14 estudantes. A idade dos estudantes está comprendida entre os 14 e os 16 anos. Entre o alumnado hai algúns de recente chegada ao centro ben por vir doutro Instituto, Comunidade Autónoma ou ben doutro país; tamén algúns teñen varias materias pendentes de 3ºESO pero ningún deles é repetidor.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Teoría Celular	Nesta unidade estúdanse os postulados da teoría celular; repásanse os conceptos principais das células procariotas e eucariotas; analízanse as principais hipóteses sobre a orixe da vida, afondando na Teoría da Endosimbiose Seriada	6	6	X		
2	Os Ácidos Nucleicos	Nesta unidade abórdase o estudo dos ácidos nucleicos e, con eles, as formas acelulares como os virus	6	6	X		
3	A Teoría Cromosómica da Herdanza	Nesta unidade acometerase o estudo do Dogma Central da Bioloxía, do Código Xenético e das Mutacións Xénicas	12	12	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A Teoría Cromosómica da Herdanza	relacionadas coa alteración da secuencia de nucleótidos; tamén explorárase a intervención humana neste proceso mediante a Enxeñería Xenética e a Biotecnoloxía	12	12	X	X	
4	O Ciclo Celular	Nesta unidade examínase o Ciclo Celular e como a súa alteración está relacionada co cancro; a preparación da división celular: replicación do ADN e a condensación da cromatina en cromosomas; a división celular como forma do mantemento da información entre xeracións de células (Mitose) e como orixe da variabilidade na reprodución sexual (Meiose); as mutacións Cromosómicas e Xenómicas como alteracións nos procesos de División Celular	15	15		X	
5	Xenética Mendeliana	Nesta unidade estudáranse as Leis de Mendel e as súas desviacións encadradas no Mendelismo Complexo; realízanse problemas sinxelos relacionados con eles	15	15		X	X
6	A Teoría da Evolución	Nesta unidade comparáranse as principais teorías evolutivas; estudáranse as probas, mecanismos da evolución e as súas consecuencias como a especiación; exemplifícanse todo o proceso no caso da evolución humana	10	10			X
7	Os Ecosistemas	Nesta unidade defínese que é un ecosistema en base aos seus compoñentes: factores bióticos e abióticos e a totalidade das súas interaccións; ademais o estudo dos principais problemas ambientais enfócanse como o que realmente son alteracións da transferencia de materia e enerxía nos ecosistemas e as súas consecuencias como a dificultade de adaptación das especies a estes cambios	10	12	X		
8	A Teoría Tectónica de Placas	Nesta unidade trátase de entender como o comportamento do interior terrestre afecta á superficie do planeta polos movementos que provoca nas placas litosféricas	12	15			X
9	O Modelado do Relevo	Nesta unidade expónse como determinados axentes xeolóxicos forman diferentes paisaxes; analízase como a acción humana e os seus asentamentos nestas paisaxes afectan a acción destes axentes e como modulan os riscos xeolóxicos asociados	8	8		X	X
10	A Historia da Terra	Nesta unidade aplícanse os principios xeolóxicos para o estudo de mapas e cortes xeolóxicos sinxelos tentando a súa datación e inclusión, de ser posible nalgunha etapa da Escala de Tempo Xeolóxica	6	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Teoría Celular	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.1. - Xustificar que a célula é a unidade estrutural e funcional dos seres vivos	Indicar que postulado establece que a célula é a unidade estrutural e cal a unidade funcional dos seres vivos	PE	80
CA3.1.2. - Explicitar que todas as células levan toda a información xenética dun organismo	Recoñecer que todas as células levan toda a información xenética dun organismo		
CA3.1.3. - Saber que todas as células dun organismo levan a mesma información xenética salvo erros	Recoñecer que todas as células dun organismo levan a mesma información xenética		
CA3.1.4. - Explicar a importancia de Santiago Ramón y Cajal no establecemento da Teoría Celular	Relacionar a Ramón y Cajal coa Teoría Celular		
CA3.1.5. - Recoñecer a función que realizan os orgánulos implicados na transmisión e expresión da información xenética	Identificar a función que realizan algúns dos orgánulos implicados na transmisión e expresión da información xenética		
CA5.1.1. - Describir a orixe dos diferentes tipos de organización celular	Explicar por que o nome da Teoría inclúe os termos de Endosimbiose e de Seriada		
CA5.1.2. - Diferenciar entre os diferentes modos de obtención de materia dos seres vivos e entre as diferentes formas de obtención de enerxía	Dilucidar entre os modos de obter materia e os de obter enerxía nos seres vivos		
CA5.1.3. - Enumerar as evidencias da Teoría da Endosimbiose Seriada	Enunciar algunha das evidencias da Teoría da Endosimbiose Seriada	TI	20
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar as consecuencias da consecución da Teoría Celular na interpretación do mundo no que vivimos; relacionar o retraso na consecución da Teoría co contexto político do momento. Destacar as dificultades de Lynn Margulis para a exposición da súa Teoría		
CA3.2 - Describir os virus como entidades acelulares utilizando exemplos a través da selección e da análise de información de diferentes fontes e citándoas con respecto pola propiedade intelectual.	Utilizar algún dos postulados da Teoría Celular para argumentar por que os virus non son seres vivos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Xustificar a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos exemplificando ou aplicando os postulados da teoría celular.		Baleiro	0
CA5.1 - Analizar e explicar as principais hipóteses sobre a orixe da vida na Terra utilizando os argumentos das diferentes teorías, mantendo unha actitude crítica, obtendo conclusións e formando opinións propias fundamentadas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Teoría celular. - Os postulados da Teoría Celular - Diferenzas entre a célula procariota e a célula eucariota - Orgánulos implicados na transmisión e expresión da información xenética: estrutura e función - Formas acelulares: virus. - Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra e investigacións no campo da astrobioloxía. - Teoría da Endosimbiose Seriada - Teoría da Xeración Espontánea

UD	Título da UD	Duración
2	Os Ácidos Nucleicos	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.1. - Diferenciar entre bioelementos e biomoléculas; entre monómeros e polímeros; entre ADN e ARN	Distinguir nucleótidos e nucleósidos; enumerar as principais diferenzas na composición e estrutura do ARN e o ADN	PE	65
CA3.3.2. - Recoñecer as diferentes estruturas de empacotado da cromatina como o mesmo ADN	Entender o proceso de empacotado do ADN		
CA3.3.3. - Localizar e describir a función de cada un dos ácidos nucleicos	Indicar a función do ADN e do ARN		
CA3.3.5. - Debuxar esquemáticamente os ácidos nucleicos e os seus compoñentes e sinalar as características da molécula neles	Debuxar esquemáticamente os compoñentes dos ácidos nucleicos e describir as características dos ácidos nucleicos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.6. - Resolver problemas relacionados coa Regra de Chargaff	Resolver mecanicamente problemas relacionados coa Regra de Chargaff		
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico	TI	35
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar o esforzo que supuxo coñecer a estrutura do ADN e o papel que desempeñou Rosalind Franklin		
CA3.2 - Describir os virus como entidades acelulares utilizando exemplos a través da selección e da análise de información de diferentes fontes e citándoas con respecto pola propiedade intelectual.	Citar correctamente exemplos de virus de ARN e de ADN		
CA3.3.4. - Identificar en diferentes formatos e representar os ácidos nucleicos e os seus compoñentes	Identificar en diferentes formatos os ácidos nucleicos e os seus compoñentes		
CA3.3 - Identificar e comparar modelos ou esquemas de ADN e ARN mediante o deseño, a representación en diferentes formatos (maquetas, debuxos, esquemas...) ou mediante a extracción de ADN dunha célula eucariota e relacionándoos coa súa función.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Deseño e importancia de controis experimentais (positivos e negativos) para a obtención de resultados científicos obxectivos e fiables. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo utilizando instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada e precisa. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Formas acelulares: virus. - Modelo simplificado da estrutura dos ácidos nucleicos e relación coa súa función. - ADN: cromosoma e cromatina. Replicación. - O empaquetado do ADN na interfase

UD	Título da UD	Duración
3	A Teoría Cromosómica da Herdanza	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1.1. - Diferenciar aminoácidos de proteínas. Relacionar as proteínas cos caracteres mendelianos	Recoñecer que todos os caracteres están modulados por proteínas que están compostas por aminoácidos	PE	62
CA4.1.2. - Explicar o proceso de transcrición e tradución incluíndo todos os elementos que interveñen neles	Describir os procesos de transcrición e tradución		
CA4.1.3. - Situar temporal e espacialmente a transcrición e a tradución	Indicar onde ocorre a transcrición e a tradución		
CA4.1.4. - Valorar de forma razoada a contribución de Severo Ochoa no desciframento do Código Xenético	Relacionar a Severo Ochoa co Código Xenético		
CA4.1.5. - Enumerar as características do código xenético	Enumerar algunha das características do código xenético		
CA4.1.6. - Resolver problemas de biosíntese de proteínas utilizando o código xenético	Resolver de forma mecánica problemas de biosíntese de proteínas utilizando o código xenético		
CA4.1.7. - Relacionar o ADN co concepto de xene	Identificar un xene como un fragmento de ADN		
CA4.4.1. - Explicar por que as mutacións xénicas xeran variabilidade xenética	Utilizar o código xenético para explicar a importancia da alteración da secuencia de nucleótidos	TI	38
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico		
CA1.4 - Interpretar e analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas obtendo conclusións fundamentadas ou valorar a imposibilidade de facelo.	Utilizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación para obter algunha conclusión		
CA1.5 - Cooperar e colaborar nas distintas fases dun proxecto científico para traballar con maior eficiencia, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Respectar as normas da Aprendizaxe Cooperativa á hora de desenvolver un proxecto en equipo		
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o vocabulario axeitado e o formato solicitado para expoñer a información acadada sobre algún aspecto da Enxeñería Xenética e/ou a Biotecnoloxía dunha forma crítica que amose a elaboración dunha opinión propia		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Enumerar casos concretos da contribución da Enxeñería Xenética e/ou a Biotecnoloxía ao benestar dos humanos		
CA4.5 - Recoñecer o papel do ambiente na expresión do fenotipo utilizando exemplos no ser humano e noutros organismos a través da selección e da análise crítica de información de diferentes fontes.	Ilustrar con algún exemplo relacionado co control da expresión xénica o papel do ambiente na expresión do fenotipo		
CA4.6 - Describir as principais técnicas da enxeñería xenética e interpretar as implicacións éticas, sociais e ambientais con relación aos avances en biotecnoloxía e enxeñería xenética utilizando fontes fiables e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, boatos...	Identificar as técnicas da Enxeñería Xenética; enumerar algún cuestionamento ético no desenvolvemento destas disciplinas		
CA4.1 - Distinguir e explicar os procesos implicados na expresión xénica recoñecendo as características do código xenético e resolvendo cuestións sinxelas utilizando os datos e a información achegados.		Baleiro	0
CA4.4 - Analizar e explicar os procesos que xeran variabilidade xenética valorando o seu papel na biodiversidade e na evolución.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Modelado para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Expresión xénica: - Definición e procesos. - O Dogma Central da Bioloxía - As proteínas son secuencias de aminoácidos - Código xenético: características.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As Mutacións Xénicas: consecuencias - Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade. - Expresión do fenotipo. - Técnicas da enxeñería xenética. - Biotecnoloxía e enxeñería xenética: aplicacións e implicacións éticas, sociais e ambientais.

UD	Título da UD	Duración
4	O Ciclo Celular	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4.1. - Ordenar de forma razoada as etapas do ciclo celular indicando as diferentes formas de conclusión do mesmo	Ordenar as etapas do ciclo celular. Explicar un par de posibilidades de conclusión do ciclo celular	PE	77
CA3.4.3. - Describir a replicación do ADN: elementos que interveñen nela, proceso e características	Explicar que significa que a replicación do ADN é semiconservativa. Replicar un fragmento de ADN a partir dunha cadea molde		
CA3.4.4. - Recoñecer os cromosomas como produto do empacquetado na cromatina	Explicar a función dos cromosomas e identificar cando son visibles		
CA3.4.5. - Identificar os conceptos asociados aos cromosomas como por exemplo as partes da súa estrutura, cromosomas homólogos/ cromátides irmáns, cariotipo, diploide/haploide ou autosomas/ heterocromosomas	Identificar algúns dos conceptos asociados aos cromosomas en imaxes		
CA3.4.6. - Determinar a dotación cromosómica de diferentes cariotipos e localizar neles mutacións xenómicas e cromosómicas	Determinar a dotación cromosómica de diferentes cariotipos		
CA3.5.1. - Enumerar, recoñecer e ordenar as fases da mitose e as da meiose	Nomear e ordenar as fases da mitose e as da meiose		
CA3.5.2. - Diferenciar ambos procesos tanto no mecanismo, localización, función como no resultado	Distinguir a mitose da meiose polo seu significado biolóxico e por algúns aspectos dos seus mecanismos		
CA3.5.3. - Comparar a reprodución asexual dos individuos coa reprodución sexual valorando as vantaxes e desvantaxes de cada un dos procesos	Identificar dun grupo de características cales son exclusivas da reprodución sexual, asexual, de ambas ou de ningunha		
CA4.4.2. - Analizar un cariotipo identificando as anomalías que presenta e as consecuencias biolóxicas das mesmas	Recoñecer unha mutación xenómica nun cariotipo humano		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico	TI	23
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o vocabulario axeitado e os modelos dos cromosomas para facilitar a comprensión dos procesos de división celular		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a achega e as perspectivas tras descubrir que o cancro está relacionado co control do ciclo celular		
CA3.4.2. - Relacionar os puntos de control do ciclo celular co cancro	Definir que é un cancro		
CA4.5 - Recoñecer o papel do ambiente na expresión do fenotipo utilizando exemplos no ser humano e noutros organismos a través da selección e da análise crítica de información de diferentes fontes.	Ilustrar con algún exemplo relacionado co control do ciclo celular o papel do ambiente na expresión do fenotipo		
CA3.4 - Recoñecer as etapas do ciclo celular sinalando a súa relación co cancro, describindo os cambios ao longo das diferentes fase e vinculando a replicación do ADN coa conservación da información xenética.		Baleiro	0
CA3.5 - Describir os procesos de división celular indicando as principais diferenzas entre mitose e meiose utilizando fotografías, vídeos e/ou observando as distintas fases da mitose ao microscopio.			
CA4.4 - Analizar e explicar os procesos que xeran variabilidade xenética valorando o seu papel na biodiversidade e na evolución.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Modelado para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza. - ADN: cromosoma e cromatina. Replicación. - Os cromosomas como produto do empacquetado da cromatina na división celular - A replicación do ADN - Etapas do ciclo celular e a súa relación co cancro.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Mitose e meiose: fases e función biolóxica. - As formas de reprodución dos individuos: asexual e sexual - A relación das mutacións co ciclo celular - Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade. - Expresión do fenotipo.

UD	Título da UD	Duración
5	Xenética Mendeliana	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2.1. - Resolver problemas sinxelos que exemplifican as leis de Mendel	Resolver de forma mecánica problemas sinxelos que exemplifican as leis de Mendel	PE	80
CA4.2.2. - Utilizar a nomenclatura axeitada tanto na resolución de problemas como na súa explicación	Utilizar a nomenclatura axeitada na resolución de problemas		
CA4.2.3. - Relacionar o problema coa Lei de Mendel adecuada	Enumerar as leis de Mendel		
CA4.2.4. - Describir de forma razoada o valor de Gregor Mendel na historia da Bioloxía: os seus acertos e erros	Relatar algún dos acertos da investigación de Mendel		
CA4.3.1. - Resolver problemas sinxelos de Mendelismo Complexo	Resolver de forma mecánica algúns dos tipos de problemas sinxelos de Mendelismo Complexo		
CA4.3.2. - Utilizar a nomenclatura axeitada tanto na resolución de problemas como na súa explicación	Utilizar a nomenclatura axeitada na resolución de problemas		
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico	TI	20
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o vocabulario axeitado para expoñer a resolución dun problema de Xenética Mendeliana		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución de Gregor Mendel ao estudo da herdanza e os problemas que atopou para dar a coñecer os seus descubrimentos.		
CA4.4.3. - Identificar nos problemas de Xenética Mendeliana a orixe de novas combinacións alélicas como fonte de variabilidade xenética	Ilustrar mediante debuxos ou esquemas as combinacións alélicas que xorden da reprodución sexual		
CA4.2 - Resolver problemas sinxelos de herdanza xenética de caracteres con relación de dominancia e recesividade aplicando as leis de Mendel e interpretando os resultados de forma crítica.		Baleiro	0
CA4.3 - Resolver problemas sinxelos de herdanza xenética de caracteres con relación de codominancia, dominancia incompleta, alelismo múltiple e herdanza ligada ao sexo diferenciando fenotipo e xenotipo e interpretando os resultados de forma crítica.			
CA4.4 - Analizar e explicar os procesos que xeran variabilidade xenética valorando o seu papel na biodiversidade e na evolución.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño e importancia de controis experimentais (positivos e negativos) para a obtención de resultados científicos obxectivos e fiables. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo utilizando instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada e precisa. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Leis de Mendel. - Problemas sinxelos de herdanza xenética de caracteres con relación de dominancia e recesividade, codominancia, dominancia incompleta, herdanza intermedia, alelismo múltiple e ligado ao sexo con un ou dous xenes. - Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade.

UD	Título da UD	Duración
6	A Teoría da Evolución	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4.4. - Xustificar a relación entre a variabilidade xenética e a Selección Natural	Explicar o mecanismo da Selección Natural	PE	60
CA5.2 - Contrastar a veracidade da información con respecto ás teorías sobre a evolución dos seres vivos ¿creacionismo e evolucionismo? explicando as principais conclusións e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica.	Diferenciar entre creacionismo e evolucionismo		
CA5.3 - Comparar a teoría lamarckista e darwinista e explicar o proceso evolutivo aplicando a teoría neodarwinista utilizando as probas evolutivas para xustificar criticamente a evolución.	Identificar en casos prácticos algunhas das características principais do lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo. Enumera algunhas das probas evolutivas		
CA5.4 - Recoñecer a especiación identificando os principais procesos que xeran as especies.	Citar os procesos que conducen á especiación e explicar con algún exemplo como se produce		
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico	TI	40
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o vocabulario e expresións adecuadas que eliminen calquera interpretación creacionista e/ou lamarckiana respecto aos conceptos de adaptación e selección natural		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Recoñecer os problemas que se atopan os Evolucionistas en determinados contextos políticos		
CA4.5 - Recoñecer o papel do ambiente na expresión do fenotipo utilizando exemplos no ser humano e noutros organismos a través da selección e da análise crítica de información de diferentes fontes.	Ilustrar con algún exemplo o papel do ambiente na selección dun fenotipo		
CA5.1.4. - Contrastar as diferentes hipóteses que xustifican a presenza da vida na Terra e localizar información actualizada dos exoplanetas	Citar algunha das principais hipóteses sobre a orixe da vida		
CA5.5 - Describir a hominización analizando os grandes cambios en cada unha das fases.	Identificar os grandes hitos na hominización		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Analizar e explicar os procesos que xeran variabilidade xenética valorando o seu papel na biodiversidade e na evolución.			
CA5.1 - Analizar e explicar as principais hipóteses sobre a orixe da vida na Terra utilizando os argumentos das diferentes teorías, mantendo unha actitude crítica, obtendo conclusións e formando opinións propias fundamentadas.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade. - Expresión do fenotipo. - Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra e investigacións no campo da astrobioloxía. - Evolución dos seres vivos: - Creacionismo e evolucionismo. Principais teorías evolutivas. - Probas e mecanismos de evolución. - Especiación. - Evolución humana.

UD	Título da UD	Duración
7	Os Ecosistemas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar os compoñentes do ecosistema e os niveis tróficos recoñecendo as súas interaccións e explicando a transferencia da materia e da enerxía nunha cadea ou rede trófica utilizando exemplos da contorna.	Diferenciar entre biotopo e biocenose. Citar os niveis tróficos. Recoñecer o ciclo da materia nun ecosistema	PE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico		
CA1.2 - Diseñar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e/ou xeolóxicos, de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta evitando rumbos.	Formular unha pregunta concreta sobre a dinámica nun ecosistema e deseñar o proceso experimental para poder respondela		
CA1.3 - Realizar experimentos e tomar datos cuantitativos ou cualitativos sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección e precisión.	Tomar datos cuantitativos e/ou cualitativos sobre a dinámica nun ecosistema		
CA1.4 - Interpretar e analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas obtendo conclusións fundamentadas ou valorar a imposibilidade de facelo.	Analizar os resultados obtidos mediante ferramentas matemáticas		
CA1.5 - Cooperar e colaborar nas distintas fases dun proxecto científico para traballar con maior eficiencia, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Respectar as normas da Aprendizaxe Cooperativa á hora de desenvolver un proxecto en equipo		
CA1.6 - Presentar de forma clara e rigorosa a información e as conclusións obtidas mediante a experimentación e a observación de campo utilizando o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) e ferramentas dixitais.	Expor as conclusións obtidas tras a análise dos datos	TI	90
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o formato solicitado para expoñer a información e conclusións acadadas tras o proxecto realizado. Manifestar cun vocabulario adecuado a opinión crítica que amose mediante as argumentacións axeitadas a elaboración dunha opinión propia		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Recoñecer a importancia da consecución de datos científicos para explicar o quentamento global		
CA6.2 - Describir as etapas da sucesión ecolóxica tomando como exemplo a formación do solo.	Citar as etapas dunha sucesión ecolóxica		
CA6.3 - Recoñecer as causas e as consecuencias dos impactos antrópicos e analizar criticamente a solución a un problema ambiental propoñendo accións para a conservación do medio ambiente localizando, seleccionando, organizando e analizando criticamente información de distintas fontes.	Identificar as causas e as consecuencias do cambio climático		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Identificar e analizar os diferentes problemas ambientais potenciados por determinadas accións humanas sobre unha zona xeográfica, tendo en conta as súas características e os factores socioeconómicos.	Identificar un problema ambiental nunha zona concreta e propoñer solucións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño e importancia de controis experimentais (positivos e negativos) para a obtención de resultados científicos obxectivos e fiables. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo utilizando instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada e precisa. - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza. - Estrutura do ecosistema. - Compoñentes. Niveis tróficos. Cadeas e redes tróficas. - Ciclo da materia e fluxo da enerxía. - Dinámica do ecosistema: - Sucesións ecolóxicas. Regresións. - Impactos ambientais derivados da actividade humana. - Problemáticas ambientais e posibles solucións.

UD	Título da UD	Duración
8	A Teoría Tectónica de Placas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Explicar a estrutura e a dinámica do interior terrestre interpretando a información que achegan os métodos de estudo e adoptando unha actitude crítica cara ás crenzas infundadas.	Citar os diferentes tipos de ondas sísmicas. Describir as principais características das capas do interior terrestre	PE	55
CA2.3 - Comprender os efectos globais da dinámica da xeosfera a través da tectónica de placas, recoñecéndoa como unha teoría integradora e describindo o movemento das placas e as estruturas xeolóxicas dos bordos e das zonas da intraplaca.	Diferenciar os tipos de límites. Relacionar os límites cos seus movementos e coas estruturas xeolóxicas asociadas. Recoñecer as correntes de convección como a causa do movemento das placas		
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico	TI	45
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o vocabulario axeitado e o formato solicitado para expoñer a información acadada sobre algún aspecto da Tectónica de Placas dunha forma crítica que amose a elaboración dunha opinión propia		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución, influída polo contexto político e os recursos económicos.	Sinalar cun exemplo a importancia do estudo da dinámica interna para reducir os riscos para a poboación		
CA2.1 - Recoñecer a orixe da Terra describindo as diferentes etapas da formación do universo e explicando a estrutura e as características do sistema solar.	Ordenar as etapas de formación do universo. Explicar a orixe da Terra. Citar os compoñentes do Sistema Solar		
CA2.4 - Identificar pregamentos e fallas relacionando os seus elementos cos esforzos e deformacións ás que se ven sometidas as rochas.	Diferenciar en esquemas pregamentos e fallas, identificando neles os principais elementos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - A orixe do universo e estrutura e características do sistema solar. - Métodos de estudo do interior terrestre. - Estrutura e dinámica da xeosfera. - Efectos globais da dinámica da xeosfera a través da tectónica de placas: - Evidencias da tectónica de placas. - A litosfera e o mecanismo de movemento das placas. - Tipos de bordos de placas. Estruturas xeolóxicas nos límites e nas zonas da intraplaca.

Contidos
- Esforzos e deformacións das rochas. Formación de pregamentos e fallas.

UD	Título da UD	Duración
9	O Modelado do Relevo	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Describir a modelaxe do relevo analizando os diferentes axentes, procesos e factores que a condicionan, observando o relevo e a paisaxe en Galicia e valorando a súa importancia como recursos.	Describir as principais características dos diferentes tipos de modelados	PE	40
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico	TI	60
CA1.4 - Interpretar e analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas obtendo conclusións fundamentadas ou valorar a imposibilidade de facelo.	Utilizar os resultados obtidos nunha investigación para obter algunha conclusión		
CA1.5 - Cooperar e colaborar nas distintas fases dun proxecto científico para traballar con maior eficiencia, valorando a importancia da cooperación na investigación, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Respectar as normas da Aprendizaxe Cooperativa á hora de desenvolver un proxecto en equipo		
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o vocabulario axeitado e o formato solicitado para expoñer a información acadada sobre o modelado do relevo dunha forma crítica que amose a elaboración dunha opinión propia		
CA2.6 - Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas recoñecendo as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos.	Comprender os factores de risco. Recoñecer algunhas medidas de predición e prevención nos movementos de ladeira e inundacións		
CA2.7 - Localizar as áreas con riscos externos en Galicia analizando a información das distintas administracións públicas ou doutras fontes.	Identificar as principais zonas de Galicia en relación aos movementos de ladeira e inundacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Modelado para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza. - Axentes, procesos e factores que condicionan a modelaxe do relevo. - A modelaxe do relevo segundo a acción dos axentes xeolóxicos. Relevos litolóxicos e estruturais. - Diferenzas entre relevo e paisaxe. A súa importancia como recursos. O relevo e a paisaxe en Galicia. - Análise dos riscos xeolóxicos externos. Medidas de predición e prevención. Os riscos externos en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
10	A Historia da Terra	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Formular preguntas ou explicacións que podan ser obxecto de estudo utilizando o método científico	TI	100
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Utilizar o vocabulario axeitado para explicar a historia xeolóxica escondida en mapas e cortes sinxelos		
CA2.8 - Deducir e explicar en mapas e cortes sinxelos a historia xeolóxica, identificando os seus elementos máis relevantes, utilizando o razoamento dos principios xeolóxicos básicos e reconstruíndo os principais acontecementos xeolóxicos.	Reconstruir os principais acontecementos nunha zona tendo en conta os principios xeolóxicos básicos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Modelado para a representación e a comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O tempo xeolóxico. Relación de eóns, eras e sistemas cos principais acontecementos xeolóxicos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos. - Mapas e cortes xeolóxicos sinxelos: interpretación e trazado da historia xeolóxica que reflicten mediante a aplicación dos principios de estudo da historia da Terra (horizontalidade, superposición, intersección, sucesión)

Contidos

- faunística...).

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballaranse os elementos transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos deben ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos cando os precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en equipo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e das presentacións será utilizado como apoio constante ás explicacións e para a elaboración das conclusións dos proxectos que vai desenvolver o alumnado.

TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo, iniciándose no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.

- Fomentar o traballo en equipo.

- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

No desenvolvemento das unidades explicaranse os contidos en gran grupo utilizando presentacións en power point, vídeos, xogos interactivos ou de aula; antes, no medio e despois realizaranse actividades individuais e en equipo con diferentes finalidades pode ser que dependan dos intereses do alumnado, da súa comprensión dos contidos necesarios ou para establecer os preconceptos sobre o tema, entre outros; en calquera momento calquera alumno pode participar facendo preguntas e respondendo as miñas.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizaran son:

- Gran grupo

- Equipos de traballo cooperativo

- Traballo individual

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preteñese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura de artigos e capítulos de libros e a posterior análise dos mesmos. Ademais do uso frecuente da estrutura lectura compartida no traballo cooperativo.

Así mesmo, contribuirase ao Plan Dixital coa proxección de vídeos, traballos persoais do alumnado cos seus ordenadores Abalar que empregaran programas con diferentes utilidades, clases expositivas empregando presentacións dixitais e actividades interactivas.

A materia tamén deberá contribuir a outros plans incluídos na Concreción curricular do Centro como o Proxecto Lingüístico de Centro (xa que é unha das materias impartidas en galego) e no Plan de Convivencia (coa dimensión do traballo cooperativo de ensinar a cooperar).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos elaborados pola profesora do Departamento encargada desta docencia facilitados vía Edixgal
Caderno do alumno onde se recollan as informacións proporcionadas pola profesora, así como parte das actividades levadas a cabo individualmente
Actividades variadas individuais e en equipo; actividades de iniciación, afondamento e de aplicación; de reforzo e de ampliación
Ordenadores Abalar para os alumnos
Dotación da aula: encerado tradicional, pupitres, ordenador do profesor, canón de vídeo
Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía: instrumentación, reactivos e outros materiais habituais
Material manipulable e experimental propio da materia: globo terráqueo, modelos tectónicos, coleccións de rochas e minerais
Recursos variados como documentais, vídeos, presentacións de diapositivas, páxinas específicas de internet, artigos de revistas ou recortes de prensa
Libros de texto como material de consulta en formato papel procedentes do Departamento ou da biblioteca do Centro

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado tradicional. A aula conta cun ordenador do profesor facilitado polo centro, outro proporcionado por Edixgal para a elaboración de materias e canón de vídeo. Os alumnos traballarán nos seus ordenadores Abalar, proporcionados polo centro, así como nos seus cadernos individuais. Na clase o alumnado dispoñe de pupitres individuais que permiten os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en equipo. O espazo empregado para as clases prácticas será ou ben o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar ou ben a propia aula onde se trasladarán materiais do laboratorio manipulables.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán os apuntamentos elaborados polo profesor dos que dispoñen na plataforma Edixgal; as fotocopias facilitadas polo profesor de materiais para a realización de actividades en equipo cooperativo ou individual das que dispoñen tamén en Edixgal; o caderno do alumno onde realizará algunhas actividades individuais; e o material necesario para a avaliación do traballo cooperativo (rubricas, actas, autoavaliación e coavaliación).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo dentro das dúas primeiras semanas do curso a través dunha proba escrita. Consta de varias cuestións. Nela, aválase contidos relacionados coa célula de 3º ESO mediante unha serie de cuestións de resposta múltiple, a destreza definindo ou comparando diferentes termos. Nas definicións e comparacións aválase tamén a capacidade de síntese e de expresión escrita dos alumnos, así como a integración do vocabulario científico previo. Noutra cuestión deberán, tras a lectura dun texto breve, responder a unhas preguntas que poden ser respondidas con facilidade se a comprensión lingüística é boa, tamén avaliarase a súa expresión escrita. Finalmente noutro apartado e tamén tras a lectura dun breve texto científico, avaliarase a súa comprensión lóxica mediante a súa capacidade de recoñecer causas, diferenciarlas das consecuencias, a capacidade de interpretar gráficos e de relacionar acontecementos e conceptos. Nas dúas últimas cuestións non se avalían contidos senón competencias.

Os resultados obtidos permiten establecer unha primeira aproximación para determinar obxectivamente o nivel dos alumnos tanto individualmente como do grupo de clase, así poderase adecuar nun primeiro momento o desenvolvemento da materia á realidade e ás posibilidades do alumnado, para posteriormente ir desenvolvendo aquelas competencias necesarias para acadar os obxectivos desta etapa. Tameñ resulta moi útil como base para establecer os equipos para a aprendizaxe cooperativa e para detección de alumnos con maiores necesidades

educativas.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación determinarase a necesidade de establecer medidas de atención específicas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	12	15	15	10	10	12	8	6
Proba escrita	80	65	62	77	80	60	10	55	40	0
Táboa de indicadores	20	35	38	23	20	40	90	45	60	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	56
Táboa de indicadores	44

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos.

O alumnado está informado de que de non asistir a unha proba, prevista e anunciada previamente, terá que ser debidamente xustificada e debe obedecer a un motivo razoable. Así mesmo a falta de puntualidade a unha proba avaliadora tamén esixe unha xustificación en debida forma. De non presentala, a criterio da profesora, poderá facer a proba o primeiro día de asistencia do alumno á materia ou quedar o contido para a última proba da materia na data próxima á avaliación.

A cualificación que cada alumno obterá en cada sesión de avaliación será o resultado de ter en conta os seguintes aspectos:

1. Probas escritas: suporán unha porcentaxe mínima dun 50% e máxima dun 70% da nota total. Se ao longo da avaliación se realizara máis dunha proba, a nota deste apartado será a media das realizadas, sempre que a nota de cada un delas sexa ou supere o (\geq) 3,5.

2. A porcentaxe restante da cualificación repartirase en dous apartados:

a. CLASE: inclúe as cualificacións da participación tanto respondendo como facendo preguntas de interese; as actividades realizadas tanto individualmente na casa e na aula, como as realizadas na aula mediante estruturas cooperativas; a realización de informes de investigación nos que puntuaranse tanto informes escritos como aqueles presentados en formato dixital, individualmente ou en equipo correspondentes ou non a proxectos desenvolvidos. Este apartado sempre suporá un mínimo dun 15% da nota global da avaliación.

b. COOPERATIVO: inclúe as cualificacións obtidas no desenvolvemento das habilidades sociais que implica este tipo de metodoloxía. Entre elas observarase especialmente asumir os compromisos e responsabilidades fronte ao resto do equipo, tanto nas tarefas encomendadas polo equipo como nos obxectivos persoais fixados para mellorar a actitude que favoreza o desenvolvemento das tarefas (respecto aos demais, escoita activa, aceptación doutras opinións, contribución persoal as tarefas, proporcionar axuda, ser quen de recibila, entre outras). Este apartado sempre suporá un mínimo dun 10% da nota global da avaliación.

Con respecto ao redondeo da nota numérica esta dependerá fundamentalmente dos apartados Clase e Cooperativo

tendo en conta a cualificación do alumno respecto á mediana obtida polo conxunto da aula. No caso de que a supere ($>$) pasará ao enteiro superior se os decimais da nota son maiores de ($>$)5; no caso de que os decimais sexan iguais ou menores de (\leq)5 quedará no enteiro inferior.

A cualificación obtida en cada avaliación obterase tendo en conta os tres apartados: Proba escrita, Clase e Cooperativo. A cualificación definitiva da materia calcúlase facendo a media aritmética das tres avaliacións, sempre que a nota sexa igual ou superior a (\geq)4. Se no apartado Proba escrita a nota é inferior a ($<$) 4, non se terán en conta as cualificacións do apartado Clase e Cooperativo, polo que a avaliación deberá recuperarse.

Tras cualificar unha avaliación procederase a recalcular a cualificación da avaliación anterior. Esta nova cualificación será a que se terá en conta para o cálculo da cualificación definitiva da materia. Este recálculo consistirá en introducir, nas porcentaxes da avaliación precedente, as cualificacións de Clase e Cooperativo da posterior, se estas melloraron e, se o resultado da Proba escrita da posterior é igual ou superior a (\geq) 5 e na precedente igual ou superior a (\geq) 4,5. No caso dos alumnos que tiveron que facer algunha das recuperacións farase o mesmo, incluíndo no recálculo a cualificación obtida na proba de recuperación no apartado Proba escrita, sempre que sexa igual ou superior a (\geq) 5. Non se realizará o recálculo coas cualificacións de Clase e Cooperativo se na nota de recuperación non supera o 5.

No caso de que un alumno cometera una infracción voluntaria ou accidental que levara ao incumprimento das normas de realización dunha proba escrita, no Departamento considérase que o feito impide a valoración da mesma. O profesor do Departamento encargado da docencia da materia escollerá a forma de avaliar ao alumno infractor podendo elixir que a proba sexa oral ou escrita co fin de avaliar o coñecemento da mesma. Tamén decidirá, dependendo das circunstancias, se debe informar para a toma das medidas disciplinarias oportunas.

Criterios de recuperación:

Se un alumno ten unha avaliación suspensa, pode recuperala realizando unha proba escrita de recuperación ao longo da seguinte, nunha data acordada cos alumnos que deben presentarse á mesma.

Esta proba escrita de recuperación corresponderase cos contidos mínimos desenvolvidos durante o trimestre. Se a nota obtida nesta proba de recuperación é inferior a ($<$)4, a avaliación considérase suspensa independentemente da nota obtida nos outros dous apartados, polo que terá que volver a tentalo nunha terceira oportunidade na última quincena do curso. Se é igual ou maior dun (\geq)4, teranse en conta as notas acadadas nos apartados de Clase e Cooperativo durante o trimestre suspenso para o cálculo da cualificación definitiva. Se ao ter en conta estes apartados o resultado fora menor de ($<$) 4, utilizarase a nota da recuperación para a cualificación definitiva.

Na data da segunda proba escrita da terceira avaliación, incluíranse cuestións que permitan recuperar a primeira proba escrita desta avaliación a aqueles alumnos cunha nota inferior a ($<$)4 nela. Así mesmo tamén incluírá cuestións das avaliacións anteriores (1ª e 2ª) como terceira oportunidade para superar a materia aos alumnos con algunha destas avaliacións suspensa.

De presentarse un alumno a unha proba escrita de recuperación co fin de mellorar a nota dunha avaliación cunha puntuación igual ou maior a (\geq)4, a nota acadada neste exame de recuperación substituirá á nota da proba escrita conseguida anteriormente e utilizarase para a calcular a nota final de materia. De ser inferior a 4, a avaliación considerase suspensa.

No caso de que o alumno non acade os mínimos fixados a cualificación da materia de Bioloxía e Xeoloxía será negativa. A cualificación mínima para considerar aprobada a materia é de 5,0.

6. Medidas de atención á diversidade

Para localizar aos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo desde o inicio de curso consideramos imprescindible a reunión de preavaliación onde tanto os titores como o Departamento de Orientación informaran dos casos máis relevantes que xeralmente xa se detectan na preavaliación que se fai en cada materia. Acórdase nesta reunión as principais liñas a seguir para atender mellor a estes alumnos.

Tanto para seguir a súa evolución como detectar outros casos, é unha práctica habitual informar e consultar cos titores dos diferentes grupos sobre calquera incidencia observada nas aulas que repercute tanto no desenvolvemento académico como no emocional dun alumno.

Entre as medidas ordinarias está a adecuación da programación didáctica ás características do alumnado, o emprego de variados instrumentos de avaliación, a dispoñibilidade do profesorado da materia fóra das horas nas que se imparte para explicar contidos e procedementos a un alumno en concreto, así como para atender a outro tipo de necesidades. O emprego habitual da metodoloxía de traballo cooperativo que facilita a inclusión, xa que os equipos establecidos polo profesor serán heteroxéneos respecto ás capacidades, permite unha maior e mellor atención aos intereses, necesidades, ritmos, capacidades e motivacións de todos e cada un dos alumnos. Ademais de contribuír a aceptar a diversidade, favorecer a participación e integración de todo o alumnado, permitir axustar

diferentes ritmos, capacidades e estratexias de aprendizaxe, nunha coexistencia que redonda en beneficio para todos e fomentar os comportamentos de axuda mutua e de respecto polo traballo alleo.

De ser necesario, adaptaranse as probas escritas ás características específicas de cada alumno. Estas probas, se ben presentarañn os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarañn formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas na súa estrutura ás realizadas durante a avaliación o que implica un adestramento previo entre iguais.

Por outra banda, as actividades serañn deseñadas de forma o alumnado cun maior ritmo de aprendizaxe estea motivado. Neste caso o ABP permite que cada alumno vaia máis aloz dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como na interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X	X			X	
ET.4 - Competencia dixital	X		X	X			X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X			X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade			X	X		X	X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X

	UD 9	UD 10
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

Os elementos transversais 1 e 2 traballaranse especialmente en cada unha das unidades didácticas coa utilización de textos específicos que deberán ser lidos, interpretados e analizados. A resolución de cuestións asociadas a estes textos, que incluíran algunhas de resposta libre, polo que a súa corrección no equipo ou no grupo clase permitirá traballar tanto a expresión oral nos debates que xurdiran, como a escrita na entrega das respostas.

O emprego de vídeos e películas para facilitar a comprensión dos contidos, así como a posibilidade de realízalos para comunicar os resultados das tarefas permite abordar de forma concreta os elementos transversais 3 e 9 nesta materia. A utilización de estratexias DUA na resolución e presentación de conclusións das diferentes tarefas que se realizaran ao longo do curso fomentará a creatividade.

A competencia dixital está incluída na resolución das tarefas encomendadas ao longo do curso; a dispoñibilidade que ten cada alumno dun ordenador Edixgal e que toda a actividade da materia publíquese nesta plataforma obriga a afondar neste elemento.

As actitudes necesarias para desenvolver o emprendemento social e empresarial ademais de ser inherentes ao traballo en cooperativo, exercíntase expresamente na realización das tarefas incluídas nas unidades didácticas 3, 7 e 9.

Finalmente a utilización da metodoloxía de aprendizaxe cooperativo en todas as unidades didácticas co seu dobre enfoque "cooperar para aprender /aprender a cooperar" permitirá sen dúbida dedicar gran parte da materia aos elementos transversais restantes.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla sobre a xeoloxía de O Porriño	Impartírase unha charla sobre o entorno xeolóxico do Centro		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á secuenciación das unidades didácticas
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Engadiuse algún contido non previsto á programación
Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista
O tempo dedicado a cada unidade didáctica foi suficiente

Metodoloxía empregada
Consegueuse a participación activa do alumnado
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación en cada unidade didáctica
Deuse un peso real na avaliación á observación directa
Valorouse adecuadamente a cada alumno no traballo cooperativo
Incorporouse a autoavaliación e a coavaliación
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en cada unidade didáctica
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O cambio de disposición dos alumnos durante clase retrasou o inicio da seguinte actividade
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades e na elaboración de probas escritas
Atendeuse adecuadamente ás necesidades do alumnado NEAE no transcurso das clases
Ofréceselle a cada alumno explicacións individualizadas se as precisa
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Clima de traballo na aula
Analízase co alumnado os resultados obtidos e explíctase a forma de melloralos
Os alumnos informan sobre as dificultades encontradas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose unha comunicación activa co resto do equipo docente e co titor do grupo
Houbo sempre que foi requirido ou necesario unha comunicación fluída coas familias

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ademais nas reunións de departamento comentarse o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias e constarán en actas as posibles modificacións. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes. A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

Para levar dito seguimento os profesores que imparten a materia utilizarán a hora establecida no seu horario semanal para a reunión do Departamento para contrastar o desenvolvemento efectivo das sesións. Nela ademais revisaranse en cada avaliación os resultados obtidos e, se o número de aprobados é inferior a un 85% analizaranse as causas. Estas poden ser intrínsecas do grupo (facilmente detectables porque produciranse tamén noutras materias) ou por desaxuste entre o impartido e o esixido ao alumnado ou ben por causas persoais de alumnos concretos. Unha vez analizadas buscaranse solucións ben para a seguinte avaliación ou para o próximo curso.

A criterio do profesor, os alumnos avaliarán o proceso de ensinanza - aprendizaxe mediante unha rubrica que conterá diversos aspectos relacionados: co interese da parte da materia traballada na avaliación; coa competencia do profesor respecto a súa capacidade para motivar ao alumnado, explicación dos contidos, o ritmo, o trato persoal, as actividades escollidas, a súa contribución a un clima distendido na aula; coa adecuación dos instrumentos de avaliación utilizados, á temporalización ou ao axuste aos coñecementos previos, entre outros. Tamén poderá ser avaliada a súa propia actitude respecto ao traballo persoal, ao traballo en equipo e á súa implicación nos diferentes procedementos empregados. Con todo elo poderanse propoñer melloras máis reais e adecuadas para ese grupo de alumnado concreto.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36007011	IES Pino Manso	O Porriño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

1. Introducción

A materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais oriéntase á consecución e á mellora de seis obxectivos propios das ciencias, que son a concreción dos descritores operativos para a etapa derivados, pola súa banda, das oito competencias clave que constitúen o eixe vertebrador do currículo. Estes obxectivos poden resumirse en: interpretar e transmitir información científica e argumentar sobre esta; localizar e avaliar criticamente información científica; aplicar os métodos científicos en proxectos de investigación; resolver problemas relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e medioambientais; promover iniciativas relacionadas coa saúde e a sostibilidade e analizar o rexistro xeolóxico. O traballo dos obxectivos desta materia e a adquisición dos seus contidos contribúen ao desenvolvemento de todas as competencias clave e a satisfacer, como se explica a continuación, varios dos obxectivos da etapa e, con isto, ao crecemento emocional do alumnado e á súa futura integración social e profesional.

Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais favorece o compromiso responsable do alumnado coa sociedade no eido global ao promover os esforzos individuais e colectivos contra o cambio climático e para lograr un modelo de desenvolvemento sostible (competencias STEM e cidadá) que contribuirá á mellora da saúde, á calidade de vida e á preservación do noso patrimonio natural e cultural (competencia en conciencia e expresión cultural). Esta materia tamén busca estimular a vocación científica en todo o alumnado, pero especialmente nas alumnas, para contribuír a acabar co baixo número de mulleres en postos de responsabilidade en investigación, fomentando así a igualdade efectiva de oportunidades entre ambos os sexos (competencias STEM, persoal e social e de aprender a aprender).

Así mesmo, traballando esta materia afianzaranse os hábitos de lectura e estudo no alumnado, polo que a comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais e posiblemente noutras linguas (competencias TEM, en comunicación lingüística e plurilingüe) xoga un importante papel nesta.

Ademais, coa materia de Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais promóvese entre o alumnado a procura da información sobre temas científicos para o que se utilizan fundamentalmente as tecnoloxías da información e da comunicación (competencias STEM e dixital).

Do mesmo xeito, esta materia busca que as alumnas e os alumnos deseñen e participen no desenvolvemento de proxectos científicos para realizar investigacións tanto de campo coma de laboratorio, utilizando as metodoloxías e os instrumentos propios das ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais, o cal contribúe a espertar neles o espírito emprendedor (competencias STEM, emprendedora, persoal, social e aprender a aprender).

Os criterios de avaliación son un dos elementos curriculares básicos, pois permiten valorar a adquisición e o desenvolvemento das competencias a través dos contidos integrados por coñecementos, destrezas e actitudes esenciais para a continuación de estudos académicos ou o exercicio de determinadas profesións relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.

Os contidos son o medio a través do cal se traballan os obxectivos e as competencias clave e, pola súa banda, comprenden coñecementos, destrezas e actitudes esenciais para a continuación de estudos académicos ou o exercicio de determinadas profesións relacionadas coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.

Os criterios de avaliación e os contidos aparecen agrupados en sete bloques: «Proxecto científico», centrado no desenvolvemento práctico a través dun proxecto científico, das destrezas e do pensamento propios da ciencia; «A xeodinámica interna», estuda os fenómenos xeolóxicos do interior e da superficie terrestre baseándose na teoría integradora da tectónica de placas, nos riscos internos e ademais reconece os diferentes tipos de rochas e minerais; «A xeodinámica externa».

Historia da Terra», trata sobre o estudo dos cambios no relevo terrestre, os riscos externos, a magnitude do tempo xeolóxico e a resolución de problemas baseados nos métodos xeolóxicos de datación; «Os seres vivos: niveis de organización, composición, diversidade e evolución», estuda a organización dos seres vivos establecendo a base molecular da materia viva co fin de favorecer unha comprensión dos procesos fisiolóxicos dos bloques posteriores e analiza os criterios de clasificación dos diferentes seres vivos e a súa evolución; «Os vexetais: funcións e adaptacións», introduce o alumnado nos mecanismos a través dos cales os vexetais realizan as súas funcións vitais e analiza as súas adaptacións ás condicións ambientais nas que se desenvolven e o balance xeral e importancia biolóxica da fotosíntese; «Os animais: funcións e adaptacións», analiza a fisioloxía dos aparellos implicados nas funcións de nutrición e reprodución e o funcionamento dos receptores sensoriais, dos sistemas de coordinación e dos órganos efectores e as principais adaptacións ao medio; «Os microorganismos e formas acelulares», céntrase nalgunhas das especies microbianas máis relevantes, na súa diversidade metabólica, na súa relevancia ecolóxica e nas características e mecanismos de infección das formas orgánicas acelulares (virus, viroides e príons). Por último, o bloque «Ecoloxía e sostibilidade» recolle os compoñentes dos ecosistemas, o seu funcionamento e a importancia dun modelo de desenvolvemento sostible, esenciais para a continuación de estudos académicos ou o exercicio de

determinadas profesións relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais.

